

PROGRAMA MUNICIPAL DE EDUCACIÓN DE RÚA

**CONCELLARÍA DE BENESTAR SOCIAL
SERVIZOS SOCIAIS**

30 de Decembro de 2010

QUE É A EDUCACIÓN DE RÚA

A Educación de Rúa é o proceso de intervención socioeducativa dirixido á mellora do desenvolvemento persoal da mocidade encamiñado cara a evolución da sociedade, empregando como estratexia principal o establecemento da figura do/a educador/a como referente positivo e o aproveitamento de tódolos recursos e oportunidades que ofrece o barrio.

OBXECTIVOS XERAIS

- Facilitar, apoiar e optimizar os procesos de desenvolvemento persoal e social da mocidade do barrio.
- Establecer un referente positivo para a mocidade do barrio e por extensión para a comunidade.
- Afianzar ou establecer, segundo conveña, relacións entre diferentes entidades e axentes socioeducativos do barrio, garantindo a participación comunitaria.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Detectar e intervir en posibles casos/procesos de risco ou inadaptación social.
- Diseñar estratexias e accións socioeducativas de interese para a poboación á que se dirixe principalmente o proxecto.
- Promover hábitos de vida saudables na poboación xuvenil.
- Potenciar a conciencia de barrio e o desenvolvemento da mesma.
- Achegar aos rapaces/as a recursos, alternativas e potencialidades que ofrece a cidade como marco de interacción dos barrios.

METODOLOXÍA

Esta intervención directa producirase a catro niveis:

- **INFLUENCIA INDIVIDUAL:** Polo propia relación que se establece entre educadores e mozas e mozos a nivel individual existe unha constante reciprocidade que hai que aproveitar como momento de influencia positiva.
- **ACCIÓNS GRUPAIS:** Conxunto de propostas de carácter lúdico-educativo, nas diferentes manifestacións que existen, dirixidas á cohesión do grupo e a potenciación de condutas responsábeis.

- **MEDIACIÓN INDIVIDUALIZADAS:** Intervencións individualizadas naqueles casos nos que se detecte un maior grao de risco de consumo, de exclusión, de abandono escolar...
- **TRABALLO COMUNITARIO:** Labor de fixación de canles en rede dos diferentes axentes socieducativos das zonas ademais dos esforzos no desenvolvemento da conciencia de barrio.


POBOACIÓN

O Programa traballou de forma directa nos seguintes barrios: **Fontiñas, O Castiñeiríño, Pontepedriña, Conxo e Volta do Castro.** A súa vez, tivo como zona de influencia os seguintes barrios da cidade: Sar, Amio, San Lázaro, A Trisca, Santa Marta, A Rocha, A Choupana e O Ensanche así como a outros mozos e mozas de diferentes puntos do concello.

A táboa que ven a continuación especifica o número total de mozos e mozas que participaron directamente no Programa en función de sexo e rangos de idade:


	MULLERES	HOMES	TOTAL
9/12	49	75	124
13/16	68	87	155
17/20	22	19	41
	139	181	320

PARTICIPANTES POR SEXO



■ MULLERES
■ HOMES

PARTICIPANTES GRUPOS DE IDADE



Ademais, o traballo en rede coas diferentes entidades a nivel comunitario a través das experiencias do xornal de barrio en Fontiñas e a radio comunitaria en Conxo fixo que o Programa se estendera e involucrara a moita máis poboación no desenvolvemento destas dúas iniciativas o que sen dúbida é un dos puntos fortes da andaina de Educación de Rúa ata o de agora.

Tamén cómpre facer especial fincapé na labor desenvolvida coa Terceira Idade, xa que a pesar de que a poboación diana é a infanto-xuvenil, o Programa tamén ve indispensable a intervención con este sector, por iso se levaron a cabo varias iniciativas buscando a influencia e participación destas persoas dentro do Programa e por suposto da propia comunidade a que pertencen.

ACTIVIDADES

➤ **Dinamización comunitaria**


A participación social do individuo ou dos grupos dentro dunha comunidade é un indicador de que a sociedade é sa, así, o Programa trata de reforzar estes vínculos e estas relacións a través do traballo en rede coas diferentes entidades dos barrios, así como dinamizar a comunidade en xeral tendo en conta nas súas intervencións os diferentes axentes sociais que participan na vida comunitaria dos barrios nos que actúa.



- Conxo FM
- Conxo Calceta
- Localízate- Xogos de pistas por Conxo
- Magostos
- Mundial de Fútbol "Conxo-Fontiñas"
- Noites de Cine
- Olimpíadas de Rúa



- NadalXogo
- Preparamos o Samaín
- Paintball caseiro
- Actividades da XXV Semana Cultural de Conxo
- Xogos con auga – Móllate
- Xogos cos maiores na Residencia Volta do Castro
- Xornada Interxeracional de Xogos Tradicionais
- Xoves Xove
- Cine de Barrio
- Revista O Mirador



➤ **Lecer saudable**

O tempo de lecer significa realizar as actividades satisfactorias e gratificantes que posibilita o tempo liberado, de forma libre, decididas por un mesmo e xestionadas autonomamente. En base a isto, un dos principios básicos do Programa é traballar sobre este tempo de lecer, establecendo como obxectivo principal o aprendizaxe do aproveitamento óptimo do mesmo.



- Concerto de Melendi
- Concerto de Pereza
- Eu xogo ao videoxogo
- Mundial de Fútbol “Conxo-Fontiñas”
- Noites de Cine
- Olimpíadas de Rúa

- NadalXogo
- Imos á piscina
- Paintball caseiro
- Actividades da XXV Semana Cultural de Conxo
- Tardes ao sol e Tardes á sombra
- Xogando á Wii
- Xoves Xove
- Campionato 4X4
- Campionato PRO Evolución
- Xornada de Xogos Cooperativos



➤ **Prevención de condutas de risco**

As accións de tipo preventivo son de vital importancia na etapa xuvenil. A información e a toma de conciencia sobre o significado das posibles condutas de risco poden ser a ferramenta clave para a toma de decisións autónomas, responsables e saudábeis da persoa adolescente.

- Concerto de Melendi
- Concerto de Pereza
- Noites de Cine
- Obradoiros de Sexualidade
- Faladoiro
- Xoves Xove
- Visita ao Centro Quérote
- ¿Sabías que...?
- A verdade sobre as drogas



➤ **Traballo coa Terceira Idade**

É indispensable que o sector da Terceira Idade teña presenza e participación na vida comunitaria, esta presenza significa unha gran riqueza para toda a sociedade. Por iso, o Programa levou a cabo intervencións sobre todo de tipo interxeracional que pretenderon un intercambio de experiencias entre maiores e pequenos.

- Enredando no tempo
- Conxo Calceta
- Visita á Residencia de Maiores Volta do Castro
- Xogos cos maiores na Residencia Volta do Castro
- En busca de refráns



➤ **Xornadas de Sensibilización**

A sensibilización ten como obxectivo xerar na sociedade un espírito crítico e reflexivo que permita aumentar o grao de implicación da cidadanía, atendendo a principios fundamentais como igualdade, diversidade e tolerancia.



- Cars en San Lázaro
- Obradoiros de Sexualidade
- Xogos cos maiores na Residencia Volta do Castro
- Visita ao Edificio COGAMI

➤ **Coñecemento do Medio**

A educación integral da persoa pasa por coñecer e entender o medio que o rodea. Sendo consciente desta realidade a persoa pode sentirse parte dela, o que lle permitirá aproveitar os recursos que lle brinda ou mesmo actuar para mudar e mellorar aspectos desta realidade que crea necesarios.

- Cars en San Lázaro
- Localízate- Xogos de pistas por Conxo
- Mundial de Fútbol “Conxo-Fontiñas”
- NadalXogo
- Imos á piscina
- A cámara viaxeira




- Visita á Cidade da Cultura
- Visita ao MUPEGA
- Vistia ós Tellados da Catedral
- Descubrindo as Portas de Santiago
- Rueiros
- Visita ao Museo do Pobo Galego
- Visita ao Museo de Arte Contemporáneo

➤ **Asesoramento e Orientación Académico/Profesional**

A formación académico-profesional das rapazas e rapaces nesta etapa da súa vida supón un ámbito moi importante de intervención, no que o Programa centrouse en apoiar, asesorar e acompañar os procesos formativos, así coma a toma de decisións das que pode depender o futuro da persoa.


- Titorías individualizadas
- Apoio ao Estudo
- Rueiros



➤ **Intervención coas familias**

A intervención no ámbito familiar supón o complemento indispensable para que a labor desenvolvida co menor poida acadar os resultados desexados. Non pode producirse un cambio completamente se non existe tamén unha transformación no fogar dunha persoa.

ACTIVIDADES POR ÁREAS



CONCLUSIÓN

A punto de finalizar o proxecto e a modo de resumo valórase o traballo realizado ata este momento de forma positiva por varias razóns:

- Acadouose unha maior profundización no traballo coa Terceira Idade.
- Produciuse unha ampliación das áreas de influencia
- Consolidouse o traballo realizado polo programa dentro dos barrio
- Desenvolveuse un maior traballo directo coas familias